CAMPOSANCOS

Comunidade titular: Parroquia de Camposancos (A Guarda)
Forma xurídica: MVMC
Superficie: 76 ha
N.º de comuneiras/os: 207 (98 mulleres, 109 homes)
N.º mulleres no órgano de goberno: 3 (de 10)

Vista do poboado galaico de Calvo, no Monte Trega

CONTEXTO

Situación

O monte de Camposancos sitúase na ladeira oriental do Monte de Santa Trega, orientada cara a Portugal, sobre o estuario do río Miño, que desemboca no océano Atlántico. O monte de Santa Trega é propiedade de dúas comunidades de montes veciñais en man común, a de Camposancos e a da Guarda. A parroquia de Camposancos conta con 10 entidades de poboación, está situada a 60 km de Vigo, a 20 km de Tomiño e a 5 km da cabeceira municipal da Guarda.

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Belén Albor Nimo
Joám Evans Pim
Agustín Ferreira
Fernando Martínez
Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez
Bruno Ruival

Plantación de frondosas no parque Baltasar Merino co Colexio Plurilingüe San José - Fundación Vedruna

Síntese histórica

O couto de Camposancos fórmase no século XII, pasando á xurisdición do Mosteiro de San Salvador de Barrantes (Tomiño) en virtude de privilexios reais, entre os que destaca o dado en Burgos en 1162 por Fernando II. Ao extinguirse o mosteiro en 1436, os seus bens pasan ao Cabido da Catedral de Tui. Coas desamortizacións, o Estado poxa os bens e, ao redimírense os foros, o monte pasa a xestionarse mediante unha Xunta Administrativa en base ao previsto na lei municipal de 1870. En 1925 asume estas funcións a Entidade Local Menor de Camposancos, aínda que os terreos acaban por ser xestionados polo Patrimonio Forestal do Estado. A pesar da oposición municipal, en 1983 os terreos clasifícanse como veciñais en man común. Parte do territorio veciñal foi incluído na zona de dominio público marítimo-terrestre, véndose despoxada a comunidade destas zonas.

O monte é moi importante desde un punto de vista cultural e identitario. Destacan as festas do monte Trega, que se celebran tradicionalmente na segunda semana de agosto, culminando cunha romaría e xantar no domingo. Destacan tamén o día do voto, acto no que antigamente apenas participaban os homes das sete parroquias do arciprestado da Guarda e que a lenda liga a unha gran sequía que asolou a comarca; e o día de Santa Trega, que se celebra o 23 de setembro, onde moitas familias se xuntan no cumio para a misa, procesión, poxas e xantar.

Larva da bolboreta dos érbedos (*Charaxes jasius*)

Cabras saíndo da Casa Forestal

Érbedo (*Arbutus unedo*) con froito



Plantación de frondosas en Chans co CEIP A Sangriña

VALORES DE CONSERVACIÓN

O monte sitúase parcialmente na ZEC Baixo Miño e ZEPA Esteiro do Miño, destacando polos ecosistemas intermareais e riqueza de avifauna. A área forma ademais unha unidade co lado portugués, a ZEPA Estuário dos rios Minho e Coura e ZEC Rio Minho. Entre os hábitats presentes no monte destacan os queirogais secos (4030), rochedos silíceos con vexetación pioneira (8230) e algunhas matas de carballeira (9230).

Entre a fauna podemos citar a presenza da bolboreta dos érbedos (*Charaxes jasius*) a partir da súa introdución levada a cabo a través dun proxecto pioneiro desenvolvido pola asociación ANABAM. Tamén hai citas do corzo (*Capreolus capreolus*) e doutros animais máis comúns como o xabaril (*Sus scrofa*), teixugo (*Meles meles*), xeneta (*Genetta genetta*), garduña (*Martes foina*) ou raposo (*Vulpes vulpes*), por citar alguns mamíferos. Entre as aves pódese destacar o buxato común (*Buteo buteo*) e o gabián (*Accipiter nisus*).

O cumio do monte de Santa Trega, con 341 m de altitude, coñecido como O Facho, foi usado como punto de vixilancia desde a Antigüidade polo gran control visual que ofrece e, na súa contorna, encóntrase o castro de Santa Trega, considerado un dos máis importantes asentamentos da Idade do Ferro do noroeste peninsular e cunhas orixes que se remontan ao século IV a. C. O xacemento arqueolóxico ocupa unhas 20 ha, das cales só unha pequena parte está escavada. Foi declarado Monumento Histórico Artístico Nacional en 1931 e tamén ten a consideración de Ben de Interese Cultural.

Senda da Promonte

Cabras pacendo na contorna do poboado galaico de Mergelina e panorámica de Camposancos, río Miño e Caminha

BOAS PRÁCTICAS

Control de acacia mediante cabras con cercado virtual

A comunidade foi pioneira en implantar, en 2024, un sistema de pastoreo telemático que permite, mediante unha aplicación informática, manter un rabaño nun espazo delimitado virtualmente por GPS. O sistema permite controlar a posición de cada animal en tempo real e recibir unha notificación no teléfono móbil en caso de que haxa calquera imprevisto ou incidente. A comunidade introduciu inicialmente un rabaño de 20 cabras nun espazo de 5 ha, na zona oeste do monte, ao pé do castro, buscando reducir a biomasa e combater a presenza de especies exóticas invasoras.

O rabaño é propiedade dun gandeiro que ten un acordo coa comunidade para mantelas no monte en réxime extensivo. O gandeiro pon as cabras e a comunidade o sistema tecnolóxico de peches virtuais. Este é un acordo mutuamente beneficioso, pois o pastoreo con gando é máis económico, efectivo e respectuoso cos elementos patrimoniais ca os métodos mecánicos de desbroce, e o sistema tecnolóxico proporciona unha forma efectiva e sostíbel de manter o gando dentro das áreas designadas sen necesidade de supervisión constante. As cabras, ademais, permiten axudar a controlar os rebentos de acacia e chegan a lugares impracticábeis para as máquinas. Por isto, a comunidade conta xa, actualmente, cun rabaño de 50 cabras.

"Un bosque para unha bolboreta"

No ano 2007 a Asociación Naturalista Baixo Miño (ANABAM) puxo en marcha o Proxecto Charaxes coa denominación de "Un bosque para unha bolboreta". O seu obxectivo era incrementar a área de distribución da bolboreta dos érbedos (*Charaxes jasius*), cuxa presenza no Baixo Miño só era coñecida, naquel entón, nunha poboación existente no veciño monte do Niño do Corvo (O Rosal). O ciclo vital da especie está ligado ao érbedo, a súa planta nutricia, escasa na comarca por ser unha especie tipicamente mediterránea. Desta forma, ANABAM asinou coa comunidade un convenio de custodia do territorio para a creación e xestión dun erbedal destinado a conservar a bolboreta dos érbedos (*Charaxes jasius*). A iniciativa desenvólvese nunha superficie de 1 ha e iniciouse coa plantación de máis de cen érbedos e coa eliminación das árbores invasoras da contorna, predominantemente acacia, para despois trasladar ovos e eirugas de bolboretas ao erbedal.

Para a realización das accións contouse coa axuda de voluntarias e voluntarios interesados na recuperación e conservación do patrimonio natural do monte. Ao longo dos anos, o proxecto estivo acompañado do traballo de campo que permitiu coñecer novos erbedais na comarca e, con eles, novas localizacións da *Charaxes*.

Actividade de educación ambiental co CPR Plurilingüe Padres Somascos

Peches virtuais e telepastoreo

Os peches físicos son custosos de instalar e manter, restrinxen a xestión do gando en base ás condicións de cada terreo e limitan considerabelmente o movemento da fauna salvaxe. Os peches virtuais facilitan enormemente a xestión e coidado dos animais, facendo posíbel axustar a carga gandeira aos obxectivos de conservación de determinados espazos.

Cada animal adulto leva un collar que emite un sinal acústico cando este se achega aos límites do perímetro definido, seguido dunha pequena descarga eléctrica en caso de traspasarse. Os colares inclúen un sistema de seguimento GPS e unha batería recargábel mediante unha pequena célula fotovoltaica. Varias comunidades de montes foron pioneiras na introdución desta tecnoloxía na Galiza, que foi testada por primeira vez en Noruega en 2016.

Cabras descansando no Campo Redondo

A día de hoxe a especie está presente nos 5 concellos do Baixo Miño, sendo o erbedal creado por ANABAM a única localización coñecida no Concello da Guarda. En 2015, a comunidade foi nomeada Socia de Honra por ANABAM polo seu traballo a favor da conservación.

Reacondicionamento de pozas de anfibios

En 2024 iniciouse un novo proxecto, froito da colaboración da comunidade con ANABAM, para reacondicionar un estanque que xa existía na zona de Chans, mais que estaba en desuso, e reconvertelo nunha zona para anfibios, adaptando o espazo ás condicións necesarias para que os animais poidan habitar o estanque e entrar e saír sen problemas del. A actuación encádrase no traballo de ANABAM para converter o Baixo Miño nun referente para o desenvolvemento de plans de recuperación, conservación e protección de anfibios.

Estanque adaptado para anfibios

FONTES E RECURSOS

- Álvarez Koki, F., Coord. (2018). *Na sombra do Tegra*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Fondo Documental do Monte Galego (1983). Carpeta ficha do monte veciñal en man común de Camposancos. Dispoñíbel en: https://documentacionmontegalego.xunta.gal/gl/documentos/carpeta-ficha-do-monte-vecinal-en-man-comun-santa-tecla-clasificado
- García Lago, A. (1998). *Crónica biográfica de Camposancos y su entorno*. Camposancos: Comunidade de Montes de Camposancos.

A COMUNIDADE NA REDE

facebook.com/groups/1569028330082616/

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.